

Cara a Tiananmen Square

Cristina Pavón

Premio no Certame de Narracións *Modesto R. Figueiredo* de 2013

Sae do Zara da rúa Xidan, detense no limiar e suspira. O alento sae con forza, empurrado pola frustración de ter que seguir á procura dese obxectivo que, aquí tamén, semella inalcanzábel. Un traballo.

Veña, adiante, non vai abandonar por difícil que llo poñan, por suposto que non, vai facer a seguinte xogada desta partida Inditex, aínda que pareza que estes anden a marear, vai ir á seguinte casaña, á seguinte tenda, falar co encargado e a ver que pasa. Sabía que non ía ser doado, verdade?

O aire fóra é aínda máis irrespirábel que cando entrou na tenda. O contraste, supón. Dentro estaba limpo, filtrado, potábel. Suspira outra vez, decátase de que está a desperdiciar ese aire 'puro' que colleu no establecemento e por un intre pensa en volver a entrar, respirar fondo e conter o alento todo o que poida, mesmo até chegar ao Zara da rúa Quianmen. Si home si. Como vai ir alá? Volta ao metro? Xa viu pola mañá cedo como estaba o metro, imposíbel, coas autoestradas cortadas vai máis ateigado do habitual, que xa é dicir. Taxi? Taxi! Pero que é, millonario? Mira con sorpresa como pasa un grupo de bicicletas. Bo día para ir en *bici* e meter a polución tan dentro que non saia xa nunca máis. Ou igual tampouco é para tanto. Tampouco é tan lonxe. Igual pode ir andando. Tempo ten, o encargado non o vai recibir até á tardiña e realmente necesita mover o corpo logo de máis dunha semana, dúas máis ben, de non saír da habitación se non é para ir a clase. Mais poñerse a andar non será unha loucura, con este *smog*? Pois seguramente.

Mira o mapa do centro de Beijing no teléfono —menos mal que o *maps.google*, aquí *ditu.google*, non está bloqueado— e calcula aproximadamente a distancia até o Zara de Quianmen: algo máis de sete quilómetros se vai polas rúas principais, Xidan abaixo cara a Capital Times Square, e logo dobra na Chang'an Avenue e segue por ela até Quianmen Street. Non é o mellor camiño, non. Aínda que non haxa o tráfico habitual —por mor das restricións que tentan paliar o estado irrespirábel do aire— é o traxecto máis longo. Mellor ir atallando polas rúas intermedias e atravesar eses parques inmensos —alí terá que respirarse algo mellor—, arrodear a Cidade Prohibida, cruzar a praza de Tiananmen lonxitudinalmente, e saír xa logo á rúa Quianmen.

Garda o móbil e bótase a andar. Enfila cara ao primeiro parque, Beihai, con certo

temor. Non está moi seguro de dar chegado ao sitio malia camiñar por unha das zonas máis céntricas de Beijing. A néboa é mesta de carallo. Volve consultar no móbil. O parque Beihai ten dous lagos grandes, e seica é antigo e moi digno de ver. Pero agora non é cuestión de demorarse aí. O que vai facer é circundalo até a metade máis ou menos, logo cruzar entre os dous lagos eses e tirar cara ao seguinte parque, Zhongshan Park, indo o máis en diagonal que poida.

Axiña imprime un ritmo áxil á andaina, pero sen pasarse. Malia ter andado noutra ocasión pola contorna élle difícil recoñecer ren até que o ten mesmo diante. Esta néboa é a hostia. Xa levan días con ela e non hai visos de que se vaia disipar, o aire segue estancado, opaco.

O primeiro día desta neboeira, que disque cobre moito máis ca Beijing e arredores, tivo acordanzas que había moito non o visitaban. Saír á rúa, só asomar os fociños á porta da residencia de estudantes, tróuxolle unha lembranza de moi neno. Veña para a escola! Que fas aí parado? dicíalle a mamá, impaciente. El abrira a porta da casa, xa coa mochila, o pasamontañas e as luvas postas, e quedara pampo ao ver... que non se vía nada. Mundo borrado. Moncho, anda á escola! berraba ela. Á escola, repetía el para os seus adentros. Seguro que había escola? Se non había nada... Veña, lisca! insistira a mamá. E que non se ve ren! protestara el. Que tiña, cinco, seis anos? Si, hai borraqueira, pero ti vai polo camiño coma sempre, e xa está! El detectara ese ton de enfado contido que facía recomendábel obedecer axiña. Pero aínda así permaneceu quedo. Ela turrara del, suave pero inflexíbel, pechara a porta deixándoo fóra e el ficara alí, inmóbil, embutido na roupa invernal, ollando á dereita e á esquerda. Todo en branco. A mamá déralle un último berro dende unha fiestra: bule Monchiño, que vas coller frío, e vas chegar tarde! Non terei que levarte eu, ho? El botara a andar, flipado, aínda sen estar moi certo de se o mundo estaba aí ou non. Se a mamá o mandaba, el tiña que ir. Iso era evidente aínda que todo o demais ficase oculto. Ao dar uns cantos pasos comprobara que todo seguía onde sempre: o valado, a casa dos Roxos, os alpendres case derrubados... estaba todo no seu sitio malia case ter que bater coas cousas para velas. E de súpeto pensara que se unhas ían aparecendo, outras desaparecerían asemade, e daquela volvera a ollada cara atrás, e xa non puidera ver a súa casa. E retrocedera uns pasos, automaticamente, mais

detivérase por que sabía que se a mamá o vía íase enfadar. Se aínda houber un camiño claro, uns vieiros definidos, sería máis doado. Pero para empezar tiña que atravesar aquela leira grande que nin se vía... Todos os sinais, todas as referencias estaban sumidas nese manto, manto non era a palabra, nese leite aéreo, nebuloso. E frío. Aquilo era coma outro mundo. E el un astronauta. Como o que vira na tele a dar un paseo espacial, con aquel super-traxe e o mochilón co que se propulsaba. Zzzz. Zzzz. El tamén podía facelo, tiña azos para moverse nese mundo baleiro no que non era doado orientarse. O traxe dificultáballe os movementos, pero permitíalle permanecer nesa contorna hostil. Tiña que cumprir unha misión, chegar a escola, e faríao. E con esa resolución comezara a súa épica andaina astronáutica cara ao colexio, con máis confianza a cada paso que daba. Ao cabo un afaciase á néboa e ía enxergando as cousas. Se se despistaba un pouco había treitos nos que xa non sabía onde estaba, pero servíalle a memoria do corpo, gravada ao longo de moitos días de escola, para guíalo naquel mundo en suspenso, engulido pola brétema láctea.

Como agora.

Só que aquilo era brétema e isto é merda en suspensión.

E aquilo era fresco e limpo e isto, isto é reseco e tóxico, e vai acabar con eles todos!

Van xa cinco días cun *smog* de densidade récord, e iso aquí é moito dicir. A lembranza dos neboeiros lugueses déralle aqueloutro día unha morriña descoñecida que o acompañara moitas horas, coma un brazo tristeiro sobre os ombros. Mentres a xente tusía, proíanlle os ollos, quedaba na casa se podía, el andou devagar somerxido en difusos pensamentos e acordanzas de camiño ás aulas de mandarín na Beijing International Studies University. E permaneceu nelas nun estado de ausencia, coa mente a baduar ben lonxe dos exercicios de fonética que non eran máis ca un fondo sonoro para o seu voo espazo-temporal nas súas brétemas particulares, así até regresar ao seu cuarto e botarse a durmir moito máis cedo do que tiña por costume. Ganas, necesidade de entregarse completamente aos soños, de soñar non só esperto? Falta de osíxeno e o conseguinte sopor?

Tivera un soño erótico moi nidio. *Wet dream*. Como se di en mandarín? Non sabe. Que lagoa lingüística imperdoábel! Dirase algo semellante a *night pollution*, fixo, ha

ha. Polo menos en argot beijinés. Polución vintecatro horas.

Dende ese día a morriña vólvelle dar unha aperta de cando en vez.

Case sen se decatar xa está na entrada do parque Beihai. Ala, cinco iuans. Sairíalle máis a conta o metro, pero así tamén fai turismo. Estache un día para o turismo de carallo. De momento vaino ir rodeando, éche unha leira grande de máis na que é fácil perderse. O mapa do móbil guíao, si, pero non quere abusar da descarga de datos.

O parque está espectral. Amais de que a xente vai todo o enmascarada que pode, normal, semella que aquí espésase a bruma, enredada nas copas das árbores. Mais estes non deixan o *tai-chi* nin con esas. Cousas inculcadas tan fondo, de moi pequenos, non se poden deixar así polas boas, verdade?

No lago conxelado algúns valentes andan a patinar.

Lembra algo que leu, ou escoitou, sobre uns parques preto da rúa Xidan, do ambiente que había neles antes das Olimpíadas e como logo, co gallo do evento, enchéranse de cámaras e deixaran de ser un bo lugar para encontros *gay*, *tóngzhi*, 同志. Claro que tiñan que ser outros parques, non este de entrada de pago e así como moi de turistas e familias. Un país que sempre tivera a homosexualidade incorporada na súa cultura volvérase radicalmente homófobo nos tempos de Mao e aínda duraba a cousa. Mesmo as estatísticas oficiais que se publicaban sobre o tema, cun número ridiculamente baixo de *gays*, eran tan falsas... coma as dos índices de contaminación do aire, sen ir máis lonxe.

Cantaruxa mentalmente *China Gay*, versión homo-graciosa do *China Girl* de, como se chama? Non lle acorda o nome, pero sabe quen é. A ver, ho. Cantáрана Chen e máis el nun karaoke bastante cutre aló en Londres, fora divertido. De quen raio era a canción? Do mesmo que a do astronauta, *Space Oddity*. Coa néboa é como cando nos falla a memoria das palabras. Sabemos que as cousas están aí, os edificios, as árbores, pero non as vemos. Podemos achegármonos e ao ir canda elas entón si, vémolas, pero hai que ir, dar os pasos, pensar en cousas relacionadas, poñerse case enriba delas para que estean, existan. O que normalmente funciona e fai todo máis áxil —miralas, nomealas— coa néboa e a falta de memoria xa non vai. David Bowie! Pois si. Sabía que estaba aí, víalle a cara, pero o nome non quería saír.

Fatígase xa, sente que quere parar, el, que sempre foi un andador da hostia. Pero é normal, é que non lle chega o aire aos pulmóns, o que lle chega é unha merda de tal calibre que se cadra este pode ser o seu derradeiro paseo. Viríalle ben un traxe espacial. Aínda que cunha máscara de verdade, e non este trapo, xa apañaba. Están a gasealos, hai chineses de máis, sobra xente, os que puideron emigraron e aos outros están a gasealos sen contemplacións, o goberno fai espaventos pola contaminación como pechar algunha autoestrada, unhas poucas fábricas, e de que serve se quedan milleiros delas a botar fume e tóxicos? Xa non fuma dende que chegou. Fumar, que risa, como non sexa opio! Ten que probalo algún día.

Fatígase, pero case non avanzou nada e cómpre seguir a andaina nese mundo leitoso-gris. A cidade desaparece ao se internar no parque. Albíscanse facianas na néboa e danlle ganas de achegarse a elas, baixarlles a máscara, tocalas para verificar de quen son. De absolutos descoñecidos, xa. Pero fantasía con vagar nun mundo en suspenso, no que as regras deixaron temporalmente de estar en vigor, onde ninguén se vai alporizar por que outro, con agarimo, lle baixe a máscara. Lle suba a viseira. Polo que protexen non será, as partículas son finas abondo para traspasar os filtros que adoitan levar e, aínda que levasen desoutros caros que poucos poden permitirse, seguramente estarían xa saturados coa concentración de, canto era? setecentos, oitocentos microgramos de partículas contaminantes por metro cúbico? Se o goberno admite esa cifra, canto haberá realmente? O certo é que algo tolo está, andar na rúa nestas condicións! E co frío que vai! Pero está tan farto de estar pechado, da habitación ás aulas, das aulas á habitación. As visitas a clubs acabáronse, que non che hai cartos para tanta festa. E a xente da residencia, en fin, facer un botellón ao mes parécelles o grao máximo da vida disipada. Rular por aquí non está mal, para variar.

Xogar ás adiviñas coas caras tras esas máscaras inxenuas, con deseños realmente variados. Até aí chega a moda, alegrando os sinais de perigo, personalizando a protección obrigatoria malia o inútil. E logo os corpos baixo esas grosas roupas. Aquí, nesta cidade de millóns, neste país coma un mundo, acabou de convencerse de que a alta costura non é para el —perdóao Alexander, igual se ti te tiveses decatado a tempo aínda estarías vivo—, ten o seu innegábel engado, pero o del é achegar as bondades do deseño ao máximo público posíbel, que todos poidan coñecer o benestar

que proporciona unha peza con bo corte e un prezo razoábel. Si, entre o luxo e o lixo existe un espazo inmenso e el ten que atopar aí o seu sitio, facelo o máis persoal posíbel. Esquecer para sempre a *haute couture*, mirar ao centro, ao medio, onde os números son grandes pero en individuos, non en renda *per cápita*. Agora Zara é o seu destino ideal. E el un crente na moda accesíbel, apóstolo dun mundo onde miles de millóns de persoas non so comen e saben ler, senón tamén visten cun certo estilo, polo menos de cando en vez.

Realmente coloca este aire.

Axústase a máscara cun xesto mecánico.

O parque neboento semella un limbo e os transeúntes presenzas de incerta realidade. Case anxos. Poderían apalpase para determinar o seu outrora tan debatido sexo. E, xa de paso, a súa inclinación sexual. E de paso tamén, apertarse. Baixar as máscaras para bicarse, deterse un intre nese intre... e axiña separarse, estremecidos polos tusidos. Anxos intoxicados.

Figurarse que un destes que pasa ao lonxe é Chen. Ben sabe que non. E que é mellor non ir por aí. Por que non se concentra na entrevista que vai ter? Se xa o tiña esquecido. Ocupar a mente no posíbel parrafeo da entrevista, que non se lle note xa no primeiro minuto de charla ese chinés de trescentas palabras, de andar por casa. Veña, veña, non se auto-flaxelar. Poñamos trescentas cincuenta. E esas sábeas moi ben. E pronúnciaas que nin ‘diola’.

Chen, beleza oblicua, pel riseira, sino-tolemia súa.

As primeiras palabras aprendeullas el. E foron todas nomes de partes do corpo. El empezara por preguntarlle:

Man. Dedo. Nariz.

Shǒu Shǒuzhǐ Bízi

E seguira por: cabeza, brazo, orella.

Tóu Gēbo Ěr

Fora coma un *strip-tease* oral dobrado ao chinés.

Beizos. Nádegas. Inguas.

Túnbù Táo Yīngyǔ

El repetíaas para memorizalas, Chen repetíaas para corrixirlle a pronunciación, e namentres eles comíanse cos ollos as verbas resoaban, semellaban ficar no aire ao seu redor e acariñalos cos seus sons. Era mesmo como tocar o que nomeaban, e sentírono e tomárono tan a peito que el excitouse até facerlle dano o vaqueiro tan apertado que levaba, e que non se atreveu a acomodar ao seu estado. No seu cuarto, xa espidos, repasaron o atlas anatómico, subliñaron as verbas cos dedos e os beizos, corréronse só co lene tocárense e co acorado dicírense. E riron coma nenos ao salpicárense.

Nunca algo así con ninguén. E Chen? Quen sabía. Preguntáralle sutilmente, logo directamente. Inutilmente ao cabo. Seguramente só sabería dicilo en chinés. El tampouco insistira, escarvar non era o seu estilo. E volver remexer nesa historia tampouco debería selo.

Máis adiante o repetiran pero non fora o mesmo, claro. Malia saber que era irrepetíbel, gustáralles tantísimo que como non o ían tentar outra vez. Aínda que con variacións, por suposto. Chen escribía os nomes das partes que debía amosar, ou tocar, ou... e el logo pintábaas en Chen, no sitio apropiado. Tan bonitos os ideogramas. Tan suxestivos. Daquela el xa quería aprender chinés en serio. Namorárase. Tampouco era raro nel. Por que senón se ía poñer a estudar chinés, se non fose por mor dun amor?

Que tampouco durou moito, realmente, para o forte que empezou.

Dende logo non é que Chen teña culpa de que el estea aquí. Xa había ben tempo que se separaran cando el decidiu vir a Beijing, e Chen non deixou que se enganase, ben claro lle dixo que non ían estar xuntos, que el ía marchar de China en canto puidese, ou polo menos de Beijing. Os pais querían casar, si, aínda eran deses, e el era fillo único el non se quería opoñer frontalmente, prefería liscar baixo a mentira-paraugas dun atractivo emprego fóra. Valente, si.

Tamén lle dixo que non lle ía gustar aquilo, que había moita contaminación, moita xente, que todo era moito. Animouno a ir, vaia. Pero polo menos orientouno. E el occidentalizouno, ha ha. Estaban en paz. Axudouno nos seus primeiros pasos na

cidade, pero axiña marchou. Aos tres días de el chegar.

Abonda xa de Chen. El está aquí e haberá que tirar algún proveito da estadía. *Wet dreams are made of these...* cantaruxa mentalmente de novo. Está cuñado, marcado pola música dos oitenta. A súa nai aleitouno con aquel pop inglés e estes días leitosos tirando a grises vólvelle, xunto con recordos a mesturarse e transformarse en non sabe que. Os traxes que ela levaba cando el era moi neno encantábanlle, cheos de cor, con adornos diferentes, tan distinta ás nais dos compañeiros. Ela estivera en Inglaterra de moza e volvera feita unha moderna, como lle dicían na vila con moito retintín. Xa o era antes de marchar, retrucaba ela.

Báixaselle a máscara e déixaa estar. Sente o brazo da tristura outra vez por riba dos ombros. Mellor repasar o currículo, prepararse para a entrevista, recitar as súas virtudes e competencias nese mandarín cantareiro do que pode presumir. E centrarse no traxecto, pois agora que xa pasou entre os dous lagos non faltará moito para saír do parque este. E pensar noutro mozo. Será por chineses! E xa coñeceu uns cantos. Pero ultimamente ten moi abandonada a súa vida social, cousa imperdoábel. E incríbel. Co ben que o tiña pasado ao principio! Collera as ocasións ao voo, parecíalle estar nunha coreografía na que ía dos brazos dun aos doutro, vivía o momento... como debería facer agora, decontado. Só que xusto arestora está un pouco canso para botarlle a imprescindíbel imaxinación e entusiasmo. Veña, mira ese con esa 'chupa' rechamante e asemade elegante. Podería achegarse, baixarlle a máscara, e o outro, logo dos segundos iniciais de sorpresa... retroceder un paso e logo seguir a andar. Ou tropezar 'casualmente' cun deses mozos, é tan espesa a néboa! Patético. Contra ese do gorro vermello, mesmo, collerse a el para suxeitalo, ou para non caer. E o outro, logo dos segundos iniciais de sorpresa, deixaríase facer encantado. Ou golpearíalle con oriental habelencia nas súas partes sensíbeis...

Realmente está a fitalo, o do gorro vermello. Igual só por ser *lǎowài*, estranxeiro. Ou por no levar subida a máscara. A ver quen se atreve a dar o primeiro paso. Pois el, por que non? Que ten que perder? Se cadra ese traballo en Zara, ese para o que hai tres preseleccionados máis pero que llelo han dar a el en canto poña ao encargado da tenda de Quianmen ao tanto da súas calidades profesionais e o seduza co seu encanto persoal, amais do valor engadido de ser un galego, é dicir, nado na terra dos hiper-

donos da mega-cadea. Xa lle arde, un galego en Beijing á busca de traballo en Zara. Iso mellor non amentalo.

E tamén, camiñar máis a modo, que abafa.

A andaina está a resultar dura, e mira que o terreo é chairo. Este parque ten que ser xa o outro, Zhoug-non-sei-que. Ou non. Ten que parar.

Sentar e acougar. Unha, por que non sabe onde está e cómpre mirar o *ditu.google*. Outra, por que non pode máis, andar nesta nube de *smog* derréao a un.

Senta baixo a póla inmensa dunha árbore xigantesca.

Estuda a ruta e esfórzase en memorizala para logo ser quen de chegar a Quianmen sen ter que volver mirar o mapa. Xa está, a ruta tena clara, outra cousa será logo orientarse case sen referencias, mais o camiño sábeo, pode seguir.

Pero queda sentado un pedazo máis. Descansa un pouco, hai tempo abondo. Nada de agoniarse. El non é así. El é dos que fronte aos problemas fai unha pausa, respira fondo e segue adiante. Pois iso, agás, se cadra, o de respirar fondo.

O pulso acouga tras dun minuto, mais el segue a sentirse inquedo.

Que carallo fai aquí?

Cambiar de aires. Iso fora o que lle dixera aos colegas, á nai, a todo deus. Cambiar de aires! Beijing non era un sitio onde quedar, seguramente, pero logo do seu fracaso londinense e ante as perspectivas nulas que se abrían ante el, no canto de choromicar, así dixera, choromicar, como facían moitos coñecidos e amigos seus, el, destemido, botado cara a adiante, dixo, China, alá vou. A cambiar de aires. Pois si, sonche ben distintos. Niso acertou de pleno. Cinco millóns de coches a circular, e casas e fábricas veña a queimar carbón, que lle queres?

Sente un nó na gorxa. A tristura difusa ameaza concretarse e cómpre reaccionar.

Mirar ao seu redor, iso é o que ten que facer —o seu clásico remedio para espantar as *depres*—, deixar de uliscar no embigo e mirar cara a fóra. O del non é nada. Moita xente ten que estar a morrer con isto. *Mogollón* de vellos fixo. E pequenos tamén. E os asmáticos nin che conto! Na inmensa cantidade de xente nesta cidade ten que haber moitos, moito peor ca el. Falar con alguén, iso estaría ben. Falar non importa

de que, falar máis nada, comunicar algo aínda que só sexa que se comunican. Iso é o que ten que facer. Pero cando colla folgos, que ese puto idioma é moi esixente. Ao principio si, que fascinante, que diferente. Que debuxos tan bonitos. Agora prestaríalle falar galego, mira ti, con quen fose. Xurxo, Mara. Soamente Xurxo lle preguntara directamente se ía aló por Chen. El negáralo, claro, e case convencido do que dicía. Home por favor, tan parvo non era! Chen era un amigo, máis nada, se lle podía botar unha man aló, estupendo, pero el marchaba porque a algures había que ir, co panorama que tiñan no país.

E por que a China?

E por que non? Tiña aloxamento gratis para uns meses, só tería que pagar a viaxe e alí logo malo sería. Malo ou peor, si.

A mamá non dixera nada, logo da sorpresa primeira —a Beijing, Moncho?— nada máis que: Abrígate, filliño. Canta razón tiña! Como sabía ela o frío cabrón que ía por alí? Só houbo un que lle retrucou, Ernesto, seguramente farto de oírle ese argumento supremo que soaba tan falso, cambiar de aires. Se queres cambiar de aires case mellor vai a *Buenos Aires*, díxeralle. Pareceulle un chiste do peor, riu o máis sardonicamente que puido e logo castigouno co látego do seu silencio. Envexa, pensou. Puta envexa. Xa quixera Ernesto ter azos bastantes para ir ao outro extremo do mundo coma el —e sabía que era certo, que Ernesto llelos envexaba realmente—. Iso, e ter un amigo dun amigo que lle deixaba un apartamento, ou habitación máis exactamente, como fixo Fernando Solleiro. E saber chinés. Un pouco. E estudalo coma un condenado. E ter o excelente currículo que tiña el aos trinta anos. Que manía de poñerse xa nos trinta. A modo, vinte nove e grazas.

Pasa un grupo de escolares enmascarados con, ao parecer, dous profesores ou adultos ao cargo, que lle din os nenos que bulan. Seguro que baixo as máscaras levan cara de preocupación por andar cos cativos pola rúa un día así.

Pero el, a modo. Calma. Centrarse no arestora. Repasar o currículo, facerse valer. Ramón Veiga, titulado en Belas Artes e en Deseño Téxtil e Moda. Traballos desenvolvidos no sector? Moitos, mencionará só os máis salientábeis dos que lamentabelmente non puido aportar documentación digamos, certificada, pois a

contratación fíxose adoito baixo fórmulas que abaratasen os custes laborais, xa me entende vostede, non vai entender, amais iso quedou exposto no proceso de preselección, así que, en fin, logo dun pouco de charla premeditadamente casual na que gabe con mesura o que leve posto o encargado, ou encargada, sexa o que sexa, leve o que leve, amosará o seu dominio da lingua e o seu engado persoal, e terá boa conta de refrear o impulso de tirar de cartafol e só o fará se recibe un explícito sinal de invitación, e namentres procurará non dirixir ao cartafol olladas implorantes. Pero se o encargado lle da pé tampouco se fará de rogar para amosarlle que, malia ter feito o mellor do seu traballo de deseño na modalidade de pago en negro, gústanlle as cores, devece polas cores, sabe empregalas con audacia ou clasicismo segundo conveña, e ten experiencia en deseño de lencería, complementos, bixutería, escaparate, almacenaxe e arranxo de pezas, en suma, que é polivalente, riquiño e moi profesional.

Se vai ser repoñedor, Xesús, a quen quere impresionar? O que ten é que amosarse dilixente, humilde e servil.

E se non o collen nin para iso?

Acomódase máis no banco. Coñece o mundo da moda a distintos niveis, algúns ben baixos. Outros prometedores, pero non cumpridores. O recordo do seu triste capítulo con Marina Amorodo tenta aflorar, reprímeo nun primeiro intre, mais logo o deixa aboiar. Non ten de que avergoñarse. Deixou —tardou en facelo, si, pero deixou— a Marina Amorodo, farto de que lle chuchara o sangue. Cheo de aturar as súas neuraxas, os seus desplantes de Norma Desmond provinciana, as súas ínfulas. Ela aprendeulle corsetaría e iso valeulle, e valeralle aínda, espera, pero ben que llelo cobrou. E ben que se deixou espremer el, o moi panoco.

Sente que tenta aflorar tamén a lembranza da súa longa tempada como tele-operador, mais esa reprímea sen contemplacións.

E suspira.

Sempre se deixou levar. Baixo a ilusión de ser flexíbel, de ser quen de tomar as cousas como viñan e non se amargar, andou a rumbo. Claro que o quería era tan difícil... Se cadra puxérase esas metas para non fracasar en algo fácil, verdade? Ser

Alexander McQueen non era doado e sería perdoábel non conseguilo. Así, se algo aprendeu, foi a dar bandazos. Pero até aí chegou. Polo menos chamarlle ao pan pan e a merda merda, é o mínimo. Senón, chega un intre que xa non sabe un por onde anda. Como foi que o discurso do currículo virou a exame de conciencia? Aos case trinta anos —e dálle cos trinta— non ten feito nada na vida —nada agás vivir, e que? iso é pouco?— nada que agora o encha ou satisfaga, e o peor é que as perspectivas de que algo cambie —non sendo a mal— son escasas, inexistentes, só imaxinarias, e si, hai que imaxinar para logo acadar, hai que proxectar, é a nosa esencia humana, pero se non conseguimos algo, por pouco que sexa, cansamos como calquera pobre animal. Gaseado, aínda por riba. E vímonos abaixo.

Cambio de aires. Manda carallo.

Debería poñerse en pé e seguir a andaina no canto de deixarse levar por esa onda *destroyer* que xa sabe como remata.

Pero fica sentado, case estomballado, aterecido e compracido en chegar ao fondo da súa desgraza. Alguén coma el, que deseñou para unha firma sub-contratada pola marca que fixo os complementos para a colección outono-inverno 2006 de Alexander McQueen, agora é un camiñante exhausto e pode que perdido nun bosque fétido, tóxico, cara a unha remota posibilidade laboral como dependente *ínfimus*, realmente repoñedor, nun Zara chinés! Hipercualificado sempre para os traballos que desenvolveu! Alexander McQueen, válelle, socórreo! Non deixes que remate aí tirado nun parque estranxeiro!

Mais Alexander non envía un sinal, non da un chío.

A onda amarga ameazante xa o atrapou e, logo de arrebatarlle o pouco que lle quedaba de auto-estima, déitao en pelotas nas áridas praias da desolación.

O momento é óptimo para chorar un pouco, os ollos xa os ten ben proídos por esa atmosfera. Só lle resta recuncar no modo prepotente co que anunciou que marchaba a China, ese pulo de imbécil rematado que quixo facer pasar como trazo dun carácter decidido... e xa están aí as bágoas. Como puido nin por un intre pensar que pagaría a pena vir, vivir aquí? Aquí para que? Se aínda estivese a estudar medicina chinesa, como Fernando Solleiro, ou algo que lle interesara —e non mandarín, que xa o tiña

aborrecido— pois aínda menos mal. Facelo e liscar. Outramente, para andar coma un coitado, desnortado, a contar minuciosamente os iuans que lle quedaban, a comer *noodles* todo o putto día... para iso mellor non se ter marchado de Londres. Para iso mellor volver. A Londres? Non, a casa.

Mimá que dixo! Volver a casa!

E por que non? E volver para quedar! Xa ten abondo de experiencias internacionais, xa lle acougou o devezo de aventura, xa correu os riscos que o seu carácter lle pedira e sente que ese carácter está a mudar. A xente cambia. El tamén, espera. Coma a quen lle repite algo indixesto, vólvelle o ton fachendoso de babilo co que lle tiña falado aos amigos nas semanas antes de marchar. Mágoa non teren aquí *twitter* nin *facebook* para dicírllelo decontado, que saiban que caera da burra, que baixo aquela... que árbore é? figueira non, máis ben sequoia, está a ter unha revelación, unha iluminación que racha as tebras mouras, pois iso son xa as brétemas que o rodean e, oh paradoxo! na cerna desas tebras ve claro como non vía hai anos, dende adolescente case, ve nidio o camiño que ten feito, cheo de voltas absurdas, de enganarse na procura dun obxectivo que non estaba ao seu alcance, especialmente se a súa principal ocupación era andar de troula máis ca o deseño, pero é que non confiaba en si mesmo, nunca o creu realmente posíbel e por iso malgastou o seu tempo a mans cheas, mais non foi quen de recoñecelo e así fuxiu cara adiante até chegar aí, a esta nube velenosa, coma o parvo rematado que é. Agora decátase. Asolágo a certeza. A casa! Non ten que pensalo. A casa! Agora ou logo de ir ao Zara? Ha ha ha. Mira que chegar ao extremo do mundo para decatarse de que o que quere é estar en Galicia! De que bota moitísimo a faltar cousas que nunca imaxinara, como o aire, para empezar, e a humidade marabillosa, e os mexillóns, ese luxo de pobres, e andar pola rúa sen máis, e oír falar en castelán, incluso en galego, e ver as rías, outra vez, todas, unha por unha, e volver á casa da nai e cultivar a terra e facerse hippy, que xa é o que lle falta, ha ha ha. Que tolería, pensar en volver alá. Pero realmente é o que quere. Polo menos, xa que só fala consigo mesmo, non se mentir. É moi divertido mentir cando se está con outros, pero a soas non ten puta graza. E tamén unha cousa é chamar ás cousas polo nome, e outra volver a casa de verdade. Buf.

Pero polo menos sacudiuse esa tristura non confesada que o afogaba había días. Aceptar a verdade é o bo que ten, que lle fai a un sentir real, consonte co que lle rodea. E arestora sente moi claro no seu interior, tan claro que mesmo debe iluminar ese escuro recuncho do parque, e debe ser por iso que unha persoa se lle achega, saúda e lle pregunta se se atopa ben.

Enténdeo á primeira. Respóndelle cun sorriso que está ben, só un pouco canso, e logo incorpórase paseniño.

O mozo, é un mozo, decátase de que el é forasteiro e fala máis devagar. Dille que non é bo estar aí fóra moito tempo, mal aire, frío, sobre todo mal aire. E sinálalle a máscara caída.

Xa o sabe. Xa o nota. Xa leu o SMS que mandou o goberno a millóns de residentes en Beijing. Ponse en pé e inclina a cabeza. De súpeto está feliz, liberado da obriga de seguir aquí e perseverar no estudo do idioma na escola que tan aburrido o ten.

- *Xiéxié*¹. Tiananmen?

O mozo dille que está preto e sinala en dirección á praza. El cre notar un sorriso baixo a máscara.

Sobe a máscara e bota a andar na dirección sinalada. Parece mentira, case dous meses en Beijing e aínda non a pisara, el é así, os sitios máis emblemáticos déixaos sempre para ao final, un final que ás veces non chega. Pero agora que pensa en volver —cando? Axiña. Xa verá— está claro que non o vai facer sen visitala, e máis téndoa alí preto. Camiña e sente o cansazo, pero non ten que facer tanto esforzo por orientarse coma antes, coma se o terse aclarado por dentro tamén lle axudase a ver máis claro fóra. Camiña un bo pedazo e pregúntase se vai seguir coa andaina até Zara ou no. Por que non? Porque igual non ten moito sentido se realmente pensa marchar, verdade? Claro que aínda non o decidiu. E pódese dar o gusto de ser seleccionado e dicirlles, síntoo, rexeito, renuncio, teño que marchar. Seica lle volveu o humor.

Enxerga as pontes para peóns que cruzan unha canle de auga e van dar á praza. Velaí Tiananmen. Colle folgos para cruzala lonxitudinalmente, cólleos máis de dentro seu que de fóra, pois o aire semella máis enrarecido aínda, se cabe. Se cadra non é que

¹ Grazas.

estea máis espeso, é só que vai máis escuro, pola hora. A praza, malia néboa, impresionante. Ben, para ser exacto, debe ser impresionante, aínda que haxa que botarlle bastante imaxinación.

Está feliz. Non sabe moi ben porque, pero está feliz.

Aquilo que case non se ve ten que ser o Obelisco dos Heroes do Pobo.

Grazas á néboa, tamén é máis doado imaxinar ao preto dun millón de persoas que alí se xuntaron. Húboos valentes para viren aquí e xogaren a vida. E perdela. Moitos seguramente non crerían que as autoridades fosen capaces de semellante resposta, mais outros si e, aínda así, viñeron. E aquí finaron. Vira un documental sobre a masacre no instituto e, malia telo impresionalo, a cousa soáralle inevitabelmente lonxe aos seus occidentais e adolescentes oídos. E agora está aquí, no sitio mítico. Deberon fregar ben este piso, pero o sangue no se borra tan fácil das memorias. Nin as pegadas das rodas-eiruga dun corpo esmagado.

As imaxes fugaces, e porén intensas, dos que encheron a praza aqueles días avivan a contradición que leva con el de sempre. El é boa xente, pero o do compromiso *is no cool*. Amais de poder ser unha postura superficial coma calquera outra, só que máis correcta. E aburrída. El é frívolo, pero profundamente frívolo. E iso é un trazo de coherencia do que non todos poden presumir. Pode soar cínico pero é so lixeiramente irónico. Permitídelles ser un honesto *fashion victim*. Está convosco, proletarios, pero consentídelles que mellore as vosas indumentarias, aínda que só sexa con algún complemento accesíbel e resultón. Chancea, si. Sentiu un cambaleo nos seus alicerces e púxose nervioso. Xa non lle convence tanto ese discurso seu. Está farto de imposturas. Está maior. Xa non pode, non quere soste máis esa incongruencia, esa convivencia imposíbel do luxo e a xustiza social no mesmo altar, iso que el resolvera coa adoración a Alexander McQueen, oh patrón excelso dos deseñadores vangardistas, xenio creador da alta costura que se declarara anarquista e proviña da *working class*! E así acabou o coitado, sobre-dosificado. Que quería, acabar coma el? Non tiña para coca e valium, pero podería facelo gaseado, a pouco que se despistase. Non se podía vestir a Lois XVI e aplaudir, mesmo sumarse, á Toma da Bastilla, verdade?

Logo de cruzar esta praza, xa non. A néboa axúdalle a ver o que normalmente está agachado, oculta as cousas cotiás e así permítelle enxergar outras. Élle doado ver nas facianas enmascaradas e borrosas dos que alí transitan aos obreiros e estudantes daquel movidón. Chineses que tamén poderían ser mexicanos, ou galegos. Ou exipcios, tunesinos, subsaharianos todos. Xente que se rebela contra a inxustiza, e na desesperación. Anda entre eles, sente preto a súa miseria e a súa dor, sepultadas decote baixo toneladas de mentiras e mensaxes ruíns, que ben pode intoxicar tamén o que entra polos ollos e oídos. Canda eles entende ese punto no que xa non queda moito que perder, e hai que botarse ás rúas. El non sería o chinés só fronte á ringleira de tanques, teno ben claro, pero si sería un dos que encheron aquela praza, igual que foi á manifestación contra ao *Prestige*. Era outra cousa, si, pero era o mesmo. Aí descubrira que aos galegos, el incluído, dóelles a terra, e o desprezo. E vólvelle o que lle escoitou moitas veces a Laura e a algúns amigos seus: temos unha terra rica e de xente valiosa, sabemos facer roupa, barcos, viños, o que queiramos, por que temos que andar á procura de traballo por aí fóra, a emigrar coma hai séculos? Como nos deixamos facer iso? Nós, que podíamos vivir neste país en contacto cunha natureza aínda non estragada por completo e asemade coas vantaxes da tecnoloxía, que poderíamos levar un xeito de vida sostible... Razón tiña, Laura, malia daquela parecíalle que non ía con el a cousa. E mira se vai, agora quere volver e non sabe como nin que podería facer alá. Pero ha volver, e loitar por facerse alí un espazo. Parece que tivo que vir aquí para saber que aló ten un paraíso. E ten todo o dereito do mundo a poder vivir nel. Volve de todos, emigrantes con ou sen fortuna, erasmus da Europa dos novos pobres, camareiros con grao e máster, albaneis, investigadores espallados pola face da terra, tamén empresarios de éxito establecidos nos puntos varios do orbe, volve de e esixide aos gobernantes incapaces, aos dirixentes ladróns, o que é voso, o dereito a vivir dignamente no voso país. Vai enaltecido, fóra de si, é o espírito dos que encheron esta praza que o traspasa e o impregna, algo así ten que ser, senón de onde lle veñen estas ideas, estas palabras que non figuraban no seu vocabulario? É coma o rei de Gondor cun exército de pantasma detrás, enchendo a praza coas súas arelas esmagadas que de novo álzanse e collen pulo. Esa praza onde tantos homes —que por certo, polo menos nas imaxes que el viu, non saen mulleres—

loitaron por máis liberdade e xustiza. E que resposta tiveron? Tanques. Tanques no Obradoiro, serían capaces? Non terían por onde entrar. Ou si? Repasa mentalmente rúas e calexas. Non home non, ou é que xa non lle acorda como é Compostela? Habería que estragar moito patrimonio da Humanidade. E amais alá as cousas son doutras magnitudes, non se precisarían tanques para desfacer unha concentración, verdade?

Nomes chocantes. Tiananmen, Porta da Paz Celestial, escenario da masacre. Obradoiro, taller, lugar propio do pobo traballador, e logo alí están, imponentes, a igrexa e mailo estado. Aquí polo menos teñen un monumento aos Heroes do Pobo, gárdanse máis as formas. Logo se hai que tirotear, tirotéase, iso tamén.

Unha tose forte e seca faille interromper a camiñada e as matinacións nas que viña absorto. O frío váiselle coando dentro. Escudriña ao fondo da néboa e ve que xa case está no lado sur da praza. Olla cara atrás e non se ve o outro extremo. É inmensa, longa coma un día sen pan, intensa como se a néboa deitada sobre ela fose o alento de todos os que loitaron naquela revolución. Ten fame. E decátase de que andou a ritmo moi vivo, levado polas emocións que o asaltaron, e o corazón latéxalle moi acelerado.

Retoma a andaina con paso máis calmo. Sae da praza e logo de cruzar a avenida esa de tantos carrís, séntese moito máis canso e feble do que quere admitir. Mesmo algo confuso. Para que seguir? Dánlle ganas de deterse pero non é plan, ou vai de vez a Zara ou volve á residencia. Non, á residencia aínda non. E para ir a Zara, xa estando onde está, non vai coller un metro. Pois veña, dálle. Contempla de esguello escaparates. Esta xa se parece a calquera rúa do centro de calquera cidade europea grande, polo que a franquías se refire. Se os chineses, sendo ese pobo milenario e numeroso que son, están fodidos coma están, que poden esperar os galegos, uns cantos pobres perdidos no globo? Galegos polo mundo adiante, sen máis futuro que esvaecerse axiña no tempo, absorbidos pola comunidade española, europea, mundial. Como lles pasou a moitos outros antes, e tampouco hai que facer un drama diso.

Detense e mira cara atrás, en dirección á praza. Que lle pasa, non lle queda nada do entusiasmo que o invadiu alí? É que alí respirábase outra cousa? Non, é a mesma

merda en todas partes. Pero é normal que lle baixe o ánimo, non comeu ren dende que saíu da casa. No primeiro posto que vexa comprará algo. A ver se non pica moito.

Chega a rúa Quianmen sen atopar nada de comer que lle encha o ollo sen baleirarlle o peto e, disposto a deterse nun posto de frituras sospeitosas, ve ao seu carón outro de latas de... aire? Si, latas de aire! Latas de aire puro, a quen se lle conte! Le o panfletinho que pende sobre elas, é do Chen Guangbiao, o multimillonario ese. O xenio foi e enlatou aire limpo. Para concienciar á xente, di. Que ocorrente fillo de puta! Mamóns hainos en todos os sitios, pero este *ghicho* a facer propaganda do seu produto e chamarlle concienciar, xa se pasa, concienciar, pois dánolas de balde, cabrón, que conciencia sóbralle á xente, o que non ten xa é pulmóns para aturar esta merda toda! Que vai ser o próximo, cabinas de aire? Igual xa as hai e todo.

Merca un par de latas. Ala, dez iuans. Se llo puidese contar á avoa, non llelo ía crer. Á avoa as botellas de auga parecíanlle unha cousa absurda, xa non de ricos senón de extravagantes sen remedio, a quen se lle conte, comprar auga na tenda, comprar botellas de auga! Ela que se espantaba diso, se chega a saber que xa tamén o aire, que diría, quedaría sen respiración, ha ha ha, pero só un intre, logo botaría unha risiña desas coas que resumía o que non dicía. Entendíanse ben só con mirarse. Non lle sorprendería entrevela agora nesa néboa, tan espectral está todo. Pois vai tomar unha lata e brindar por ela, veña. Detense, ábrea e dálle un único trago, e non moi fondo. Non deu para máis. Intenta uns torpes movementos de diafragma por mor de axitar os pulmóns e que se reparta mellor ese aire limpo inspirado. Inútil. Pois non vai quedar coas ganas de máis tendo outra lata na man, así que a abre, que un día é un día e este haino que celebrar, e toma outro trago, máis lento, saboreado, consciente. Que o aire limpo rebaixe, por pouco que sexa, a proporción de micro-partículas sólidas que bañan os pulmóns, que impregne ben os alvéolos pulmonares e que o sangue se cargue de osíxeno e o reparta polo corpo. Cabeza incluída. Aguanta aí. Expira paseniño. Fantástico! Séntese novo, case. Vai ser ese todo o seu mal, falta de aire.

Segue a camiñar e de socato atópase diante de Zara. Velaí a tenda pola que iniciou a andaina, e fíxoselle coma se percorrese a Grande Muralla!

Ábrese a porta e sae unha parella de mozas riseiras, ceibando un refacho de aire filtrado, purificado, *zarificado*. Sente que ese ambiente coidado é o espírito galego residual que quedará no mundo. Un cheiro suave e moi lixeiramente perfumado a téxtil fino *ma non troppo*.

Entra ou non?

Pero que pregunta. Aínda que só sexa por respirar algo non tóxico, entrará. Xa que os pes o levaron até aí, non vai quedar na porta dun establecemento insignia da industria téxtil patria. Mesmo fará unha boa entrevista. E para que? Non ía marchar? Si, por suposto, agora xa o ten claro. Claro que polo menos debería rematar o curso de mandarín. Ou vai tirar eses cartos?

Tira da porta e deleitase coa bafarada de aire fresco que recibe ao cliente, potencial cliente, admirador dos produtos e a marca cando menos. Entra e respira lento e fondo, lento e fondo, mentres mira algunhas pezas expostas. Non fai que as mira, míraas de verdade. Con ese rego fresco no cerebro todo semella interesante, excitante, que paga a pena. Nin Tiffany's. A tenda luminosa, sen estridencias, cun estilo que coñece ben, acólleo coma se fose o Centro Galego en Beijing, e sente virar todo o que pensou no último tramo do camiño fronte a posibilidade de atopar traballo aquí. Pero é só o aire, é iso, respirar aire limpo sen restricións, sentirse un humano de primeira. Aire fresco, descontaminado, levemente perfumado, que enchoupa as famentas esponxas dos seus torturados pulmóns. Mais non abonda para borrar todo iso que sentiu e pensou nos derradeiros quilómetros, iso que o electrizou e lle fixo concibir un cambio radical nel, e mesmo tomar a decisión de volver. Non, verdade? Pero é tan delicioso.

Achégase ao mostrador para preguntar polo encargado.